

COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:

a) Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei orgánica (Proxecto Educativo, PXA, NOF...)

b) Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.

c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.

d) Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente Lei Orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director.

e) Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con sujeción ao establecido nesta Lei Orgánica e disposicións que a desenvolvan.

f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vigente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.

g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.

h) Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar a obtención de recursos complementarios,

i) Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e mellóraa da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

l) Cualesquiera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.»